

10

ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

1. Recadación tributaria do Estado en Galicia. Criterio de caixa. Ano 2008
2. Ingresos tributarios da Comunidade Autónoma de Galicia. Criterio de caixa. Ano 2009
3. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Ano 2008
4. Participación de Galicia no Fondo de Compensación Interterritorial
5. Orzamentos iniciais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Ingresos
6. Orzamentos iniciais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Gastos
7. Orzamentos consolidados da Administración Xeral, dos Organismos Autónomos e das Axencias Públicas Autonómicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Ingresos. Ano 2010
8. Orzamentos consolidados da Administración Xeral, dos Organismos Autónomos e das Axencias Públicas Autonómicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Gastos. Ano 2010
9. Orzamentos das sociedades públicas. Galicia
10. Orzamentos non consolidados de ingresos das entidades locais. Ano 2008
11. Orzamentos non consolidados de ingresos das entidades locais. Ano 2009
12. Orzamentos non consolidados de gastos das entidades locais. Ano 2008
13. Orzamentos non consolidados de gastos das entidades locais. Ano 2009

Tributo

Segundo a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria: “Os tributos son os ingresos públicos que consisten en prestacións pecuniarias esixidas por unha Administración pública como consecuencia da realización do suposto de feito ao que a Lei vincula o deber de contribuír, co fin primordial de obter os ingresos necesarios para o sostemento dos gastos públicos.

Os tributos, ademais de ser medios para obter os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poderán servir como instrumentos da política económica xeral e atender á realización dos principios e fins contidos na Constitución.

Os tributos, calquera que sexa a súa denominación, se clasifican en taxas, contribucións especiais e impostos”.

- **Taxas.** Son aqueles tributos nos que o feito imponible consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, na prestación de servizos ou na realización de actividades en réxime de dereito público que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular o suxeito pasivo, cando se produza calquera das circunstancias seguintes: que os servizos ou actividades non sexan de solicitude voluntaria para os administrados, ou que non se presten ou realicen polo sector privado.
- **Contribucións especiais.** Son os tributos o feito imponible da cal consiste na obtención polo obrigado tributario dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación de servizos públicos.
- **Impostos.** Son os tributos esixidos sen contraprestación o feito imponible da cal está constituído por negocios, actos ou feitos que poñen de manifesto a capacidade económica do contribuínte.

Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)

Tributo de carácter directo e natureza persoal que grava a renda das persoas físicas dacordo coa súa natureza e as súas circunstancias persoais e familiares. O actual imposto se implantou coa Lei 44/1978, de 8 de setembro, este sufriu cambios substanciais coa Lei 18/1991 e coa Lei 40/1998. Ademais, tamén se viu afectado coa creación en 1999, mediante a Lei 41/1998, do imposto sobre a renda de non residentes que grava rendas antes contempladas no ámbito do IRPF. Tamén ten influencia nas series de datos a entrada en funcionamento do modelo de financiamento das comunidades autónomas para o período 1977-2001, onde este imposto é cedible parcialmente. Así, a súa tarifa desdóbrase nunha tarifa de tributación xeral e nunha tarifa autonómica ou complementaria, que é a cedida á comunidade e que comezou sendo do 15% e no sistema actual é do 33%. Aínda que a xestión, liquidación, recadación, inspección e revisión é realizada polo Estado, as comunidades teñen competencias normativas sobre as tarifas correspondentes á tarifa autonómica e ás deducións que recaian exclusivamente sobre esta parte.

- **Base imponible (IRPF).** A base imponible do Imposto sobre a Renda é o resultado de adicionar o total de rendementos obtidos polo contribuínte durante o período impositivo. Ten dúas partes diferenciadas, atendendo á clasificación da renda, a base imponible xeral e a base imponible do aforro.
- **Rendementos polo traballo.** Considéranse rendementos íntegros do traballo todas as contraprestacións ou utilidades, calquera que sexa a súa denominación ou natureza, en diñeiro ou en especie, que deriven, directa ou indirectamente, do traballo persoal ou da relación laboral ou estatutaria e non teñan o carácter de rendimento de actividades económicas.
- **Rendementos do capital.** Teñen a consideración de rendementos do capital a totalidade das utilidades ou contraprestacións, calquera que sexa a súa denominación ou natureza monetarias, ou en especie, que proveñan, directa ou indirectamente, de elementos patrimoniais, bens ou dereitos, a titularidad da cal corresponda ao contribuínte e non se achen afectos a actividades económicas realizadas por este.
- **Rendementos de actividades económicas.** A Lei do imposto sobre a renda considera como rendementos de actividades económicas aqueles que “procedendo do traballo persoal e de capital conxuntamente, ou dun só destes factores, supoñan por parte do contribuínte a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos ou dun dos dous, coa finalidade de intervir na produción ou distribución de bens ou servizos”. Como exemplos de actividades económicas produtoras de rendementos poden citarse as seguintes: as extractivas, de fabricación, comercio, agrícolas, forestais, gandeiras, pesqueiras, da construción, mineiras, artesás, prestación de servizos, e o exercicio de profesións liberais, artísticas e deportivas.

Imposto sobre o valor engadido (IVE)

Tributo indirecto, creado en 1986, que recae sobre o consumo e grava as entregas de bens e servizos realizadas por empresarios e profesionais, as adquisicións intracomunitarias e as importacións. En 1992, 1993 e 1995 producíronse cambios nos tipos impositivos do imposto. O tipo xeral foi do 12% ata decembro de 1991, do 13% entre xaneiro e agosto de 1992, do 15% ata finais de 1994 e do 16% dende 1995. O tipo incrementado, fixado no 33% entre 1986 e 1991 e no 28% en 1992, desaparece en 1993 coa introdución do imposto especial sobre determinados medios de transporte, pasando a tributar os vehículos polo IVE ao tipo xeral e polo novo imposto. O tipo reducido do imposto pasou do 6% inicial ao 7% a partir de xaneiro de 1995. O tipo superreducido (3%) aplícase desde 1993 e é do 4% desde xaneiro de 1995. Outro feito que afecta a evolución da serie é a entrada en vigor do mercado interior no seo da Unión Europea en 1993. Coa entrada en vigor en 2002 do novo modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, o IVE pasa a ser cedido parcialmente nunha contía do 35% ás comunidades autónomas, aínda que o estado reserva para si todas as competencias sobre el.

Imposto sobre o patrimonio

Imposto de carácter directo e persoal que grava o patrimonio neto das persoas físicas, isto é, o seu conxunto de bens e dereitos de contido económico. Imposto cedido á Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1984 e no que actualmente Galicia ten competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

A lei 4/2008 introduce unha bonificación do 100% sobre a cota íntegra do imposto sobre patrimonio que se aplicará aos suxeitos pasivos por obriga persoal ou real de contribuír. Así mesmo, deroga os artigos 36, 37 e 38 da Lei relativos á obriga de presentar autoliquidación, suxeitos obrigados a presentar e forma e prazos de presentación, polo tanto, os contribuíntes, calquera que sexa o valor do seu patrimonio, non están obrigados a declarar.

Imposto sobre sucesións e doazóns

Tributo de carácter directo e natureza subxectiva que grava os incrementos de patrimonio obtidos a título lucrativo polas persoas físicas (herdanzas, doazóns entre vivos, percepcións obtidas polos beneficiarios de seguros de vida ...). Imposto cedido á Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1984 e no que actualmente se teñen competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

Imposto sobre transmisións patrimoniais

Tributo indirecto que grava:

- As transmisións patrimoniais onerosas, isto é, as transmisións onerosas entre vivos de toda clase de bens e dereitos que integran o patrimonio das persoas físicas e xurídicas e que son constitutivos de dereitos reais, préstamos, fianzas, arrendamentos, pensións e concesións administrativas.
- Operacións societarias: constitución, aumento e diminución de capital, fusión, escisión e desaparición de sociedades, contribucións de socios para reparar perdas...

Imposto cedido á Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1984 e no que actualmente se teñen competencias sobre a xestión, liquidación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

Imposto sobre actos xurídicos documentados

Tributo indirecto que grava os documentos notariais (escrituras, actas e testemuñas), mercantís (letras de cambio, comprobantes de depósitos, billetes de empréstito, bonos, obrigacións ...) e administrativos (rehabilitación de transmisións de grandezas e títulos nobiliarios e anotacións preventivas). Imposto cedido á Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1988 (Lei 32/1987) e no que actualmente se teñen competencias sobre a xestión, liquidación, recadación e inspección, ademais de normativas sobre determinados aspectos.

Criterio de caixa ou recadación líquida

É unha medida de natureza contable que se obtén como diferenza entre a recadación bruta aplicada e as devolucións pagadas. A natureza "aplicada" quere dicir que o criterio temporal de rexistro é o de aplicación dos ingresos correspondentes ao orzamento. Inclúe os ingresos do orzamento corrente e dos exercicios pechados.

Orzamento

Segundo o Decreto Lexislativo 1/1999, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia:

“Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática:

- a) Das obrigas que, como máximo, se poderán recoñecer e os dereitos que se prevexan liquidar por parte da Comunidade e de sus organismos autónomos durante e exercicio orzamentario.
- b) Dos obxectivos que se pretendan conseguir coa utilización dos recursos financeiros consignados neles.
- c) Das estimacións dos fluxos financeiros das sociedades públicas.
- d) Da totalidade dos gastos e ingresos dos demais entes públicos.
- e) Dos beneficios fiscais estimados.”

Fondo de compensación interterritorial

O artigo 158.2 da Constitución dispón que, co fin de corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade, se constituirá un fondo de compensación con destino a gastos de investimento, e estes recursos serán distribuídos polas Cortes Xerais entre as comunidades autónomas.

Como consecuencia, a Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das Comunidades Autónomas, creou o Fondo de Compensación Interterritorial establecendo que será unha Lei ordinaria a que conteña a súa normativa específica.

Unha primeira etapa do Fondo comezou coa promulgación da Lei do 31 de marzo de 1984, onde se establecía que todas as Comunidades Autónomas eran beneficiarias e os seus recursos se vinculaban tanto a proxectos de investimento, destinados a favorecer o desenvolvemento dos territorios máis desfavorecidos, como a atender as necesidades de gasto en investimentos novos dos servizos traspasados polo Estado.

Nunha segunda etapa, coa Lei 29/1990, do 26 de decembro, deixan de ser beneficiarias do Fondo a totalidade de Comunidades para pasar a selo as Comunidades Autónomas máis desfavorecidas. As Comunidades beneficiarias désígnanse cada ano na Lei de Presupostos Xerais do Estado. Ademais, configúrase o Fondo, exclusivamente, como instrumento de desenvolvemento rexional, sen que sirva de mecanismo de financiamento básico das Comunidades Autónomas.

Finalmente a Lei 22/2001, do 27 de decembro, establece que o Fondo poida financiar non só gastos de inversión, senón tamén os gastos correntes asociados a esa inversión, polo que se divide o antigo Fondo de Compensación Interterritorial en dous Fondos: o Fondo de Compensación, que se cingue estritamente ao mandato constitucional de destinalo a gastos de inversión, e o Fondo Complementario, que pode financiar a posta en marcha ou en funcionamento de investimentos, ata un máximo de dous anos, atribuíndose ao Fondo de Compensación un 75% do importe total que correspondería ao antigo Fondo de Compensación Interterritorial e ao Fondo Complementario o 25% restante.

1

RECADACIÓN TRIBUTARIA DO ESTADO EN GALICIA. CRITERIO DE CAIXA. ANO 2008

Miles de euros

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cap. I: Impostos directos	3.977.499	2.408.547	260.971	242.227	1.065.754
Imposto sobre a renda das persoas físicas	2.593.708	1.499.526	172.649	162.059	759.474
Imposto sobre sociedades	1.323.945	875.705	83.561	77.590	287.089
Imposto sobre a renda dos non residentes	58.000	32.658	4.554	2.016	18.772
Outros impostos directos	1.846	658	207	562	419
Cap. II: Impostos indirectos	1.699.985	952.109	166.405	126.329	455.142
Imposto sobre o valor engadido	1.560.234	888.574	159.560	118.669	393.431
Impostos especiais	49.707	23.981	6.830	7.620	11.276
Imposto sobre primas de seguros	1.323	226	0	0	1.097
Tráfico exterior	88.720	39.327	15	40	49.338
Cotización e exacción de azucre e isoglicosa	0	0	0	0	0
Outros impostos indirectos	1	1	0	0	0
Cap. III: Taxas e outros ingresos	44.389	22.676	2.955	4.888	13.870
Total recadación	5.721.873	3.383.332	430.331	373.444	1.534.766

Fonte: Instituto de Estudios Fiscales. BADESPE. Extraído de <http://www.estadief.minhac.es>.

Nota: no total do Capítulo III están incluídos prezos e outros ingresos que non son tributarios.

2

INGRESOS TRIBUTARIOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. CRITERIO DE CAIXA. ANO 2009

Miles de euros

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Servizos centrais ou orixe provincial descoñecida
Capítulo I: Impostos directos	1.727.291	68.324	24.510	15.588	48.115	1.570.754
10 Sobre a renda	1.570.754	0	0	0	0	1.570.754
11 Sobre o capital	156.537	68.324	24.510	15.588	48.115	0
Capítulo II: Impostos indirectos	2.110.012	148.556	34.850	27.296	116.803	1.782.506
Sobre transmisións						
20 patrimoniais onerosas e actos xurídicos documentados	316.406	144.100	30.754	24.148	114.951	2.453
21 Imposto sobre o valor engadido	1.059.331	0	0	0	0	1.059.331
22 Impostos sobre consumos específicos	720.722	0	0	0	0	720.722
28 Impostos extinguidos	0	0	0	0	0	0
29 Tributos propios da comunidade autónoma	13.553	4.456	4.097	3.149	1.852	0
Capítulo III: Taxas e outros ingresos	242.516	76.547	20.130	17.746	48.374	79.721
30 Taxas administrativas	37.740	10.196	2.709	2.183	4.313	18.339
31 Prezos	19.611	8.260	3.571	1.991	5.628	161
32 Outras taxas	67.353	28.051	6.721	7.029	25.551	0
36 Debedores	37.219	18.622	4.510	4.507	6.513	3.066
37 Ingresos por ensaios clínicos	27	0	27	0	0	0
38 Reintegros	22.381	1.453	155	147	754	19.871
39 Outros ingresos	58.186	9.964	2.436	1.888	5.614	38.283

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. Estados de execución dos orzamentos de ingresos.

Nota: considéranse os tributos propios, as recargas sobre tributos estatais, os tributos cedidos e xestionados pola comunidade e os tributos cedidos e xestionados polo Estado. No total do capítulo III están incluídos prezos e outros ingresos que non son tributarios.

IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS. ANO 2008

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Núm. de declarantes por tramos de base imponible (euros)					
De 0 a 6.000	264.080	104.314	43.643	36.981	79.142
De 6.000 a 12.000	288.077	116.299	40.935	35.097	95.746
De 12.000 a 21.000	351.920	154.991	40.279	35.148	121.502
Máis de 21.000	345.628	158.825	37.454	32.890	116.459
Total	1.249.705	534.429	162.311	140.116	412.849
Rendemento medio declarado (euros)	16.182	17.245	13.870	13.961	16.469
Porcentaxe de rendementos declarados, segundo a súa actividade					
Traballo	87,5	87,9	84,4	86,6	88,3
Actividades económicas estimación directa	5,4	5,3	6,6	5,8	4,9
Actividades económicas estimación obxectiva	2,5	2,3	4,2	2,5	2,3
Outros	4,6	4,5	4,8	5,1	4,5

Fonte: Agencia Tributaria. Información subministrada directamente.

PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO FONDO DE COMPENSACIÓN INTERTERRITORIAL

Miles de euros

	2006		2007		2008		2009		2010	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total do F. C. I.	869.940	137.656	928.223	146.896	1.003.511	152.478	1.015.353	147.919	919.351	127.208

Fonte: Ministerio de Política Territorial. Extraído de: [http:// www.mpt.es](http://www.mpt.es).

Nota: non se inclúe o Fondo Complementario.

5

ORZAMENTOS INICIAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. INGRESOS

Miles de euros

	2007		2008		2009		2010	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Operacións correntes								
Impostos directos	1.167.819	11,2	1.364.291	12,2	1.515.943	13,3	1.373.788	12,1
Impostos indirectos	2.636.049	25,2	2.688.936	24,0	2.399.496	21,0	1.896.785	16,7
Taxas e outros ingresos	178.441	1,7	166.700	1,5	194.252	1,7	180.407	1,6
Transferencias correntes	5.121.891	48,9	5.741.151	51,1	5.617.218	49,2	5.133.405	45,1
Ingresos patrimoniais	12.672	0,1	21.938	0,2	48.053	0,4	12.100	0,1
Total de operacións correntes	9.116.872	87,1	9.983.016	88,9	9.774.962	85,6	8.596.485	75,6
Operacións de capital								
Alleamentos de investimentos reais	9.447	0,4	11.600	0,4	11.653	0,4	4.000	0,1
Transferencias de capital	790.442	7,6	756.277	6,7	786.419	6,9	729.108	6,4
Variación de activos financeiros	10	0,0	10	0,0	290	0,0	115	0,0
Variación de pasivos financeiros	551.044	5,3	473.564	4,2	844.061	7,4	2.041.294	18,0
Total de operacións de capital	1.350.943	12,9	1.241.451	11,1	1.642.423	14,4	2.774.517	24,4
Total de ingresos	10.467.816	100,0	11.224.466	100,0	11.417.385	100,0	11.371.002	100,0

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

6

ORZAMENTOS INICIAIS DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. GASTOS

Miles de euros

	2007		2008		2009		2010	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Operacións correntes								
Gastos de persoal	1.827.140	17,5	1.985.186	17,7	2.097.874	18,4	2.113.847	18,6
Gastos en bens correntes e servizos	426.876	4,1	476.254	4,2	519.506	4,6	504.808	4,4
Gastos financeiros	146.187	1,4	146.255	1,3	147.570	1,3	157.199	1,4
Transferencias correntes	5.065.419	48,4	5.526.059	49,2	5.732.186	50,2	5.648.661	49,7
Fondo de continxencia	0	0,0	0	0,0	19.444	0,2	20.949	0,2
Total de operacións correntes	7.465.622	71,3	8.133.754	72,5	8.516.580	74,6	8.445.464	74,3
Operacións de capital								
Investimentos reais	1.078.340	10,3	1.103.850	9,8	1.142.561	10,0	1.009.638	8,9
Transferencias de capital	1.356.225	13,0	1.399.209	12,5	1.398.982	12,3	1.288.929	11,3
Variación de activos financeiros	110.527	1,1	114.090	1,0	113.332	1,0	110.989	1,0
Variación de pasivos financeiros	457.103	4,4	473.564	4,2	245.931	2,2	515.981	4,5
Total de operacións de capital	3.002.195	28,7	3.090.713	27,5	2.900.806	25,4	2.925.537	25,7
Total de gastos	10.467.816	100,0	11.224.466	100,0	11.417.385	100,0	11.371.002	100,0

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

7

ORZAMENTOS CONSOLIDADOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL, DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTÓNOMICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. INGRESOS. AÑO 2010

Miles de euros

Organismo	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	9.329.593	115	2.041.294	11.371.002
Organismos autónomos administrativos	248.496	650	0	249.146
Organismos autónomos comerciais, industriais e financeiros	59.084	0	6.500	65.584
Axencias públicas autonómicas	500	0	0	500
Total	9.637.673	765	2.047.794	11.686.232

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

8

ORZAMENTOS CONSOLIDADOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL, DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS E DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTÓNOMICAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. GASTOS. AÑO 2010

Miles de euros

Organismo	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	6.951.367	110.989	515.981	7.578.337
Organismos autónomos administrativos	3.823.552	650	0	3.824.202
Organismos autónomos comerciais, industriais e financeiros	262.932	6.500	0	269.432
Axencias públicas autonómicas	14.262	0	0	14.262
Total	11.052.112	118.139	515.981	11.686.232

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

9

ORZAMENTOS DAS SOCIEDADES PÚBLICAS. GALICIA

Miles de euros

	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Sociedades mercantís	419.872	547.973	759.306	773.361	925.675	683.213	1.105.363
Explotación	260.055	286.369	413.373	438.130	567.103	573.176	485.898
Capital	159.817	261.604	345.933	335.231	358.572	110.037	619.465
Entes públicos	533.970	565.260	634.489	691.217	766.902	1.187.880	1.059.901
Explotación	355.661	379.168	424.197	455.253	493.764	477.327	273.005
Capital	178.309	186.092	210.292	235.964	273.138	710.553	786.896

Fonte: Consellería de Facenda. Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

10

ORZAMENTOS NON CONSOLIDADOS DE INGRESOS DAS ENTIDADES LOCAIS. ANO 2008

Miles de euros

	Concellos					Deputacións
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Operacións correntes						
Impostos directos	604.593	265.494	71.080	69.957	198.062	34.883
Impostos indirectos	139.659	69.514	15.116	10.038	44.991	33.103
Taxas, prezos e outros ingresos	386.799	169.916	49.044	42.889	124.951	33.381
Transferencias correntes	730.859	304.251	93.395	97.486	235.727	365.303
Ingresos patrimoniais	29.024	12.815	3.561	2.890	9.758	16.863
Operacións de capital						
Alleamentos de investimentos reais	86.993	44.053	8.232	6.514	28.194	6.776
Tranferencias de capital	225.055	93.828	29.189	32.567	69.471	38.622
Activos financeiros	10.459	1.387	6.256	775	2.042	2.782
Pasivos financeiros	110.760	44.858	11.002	7.912	46.988	26.000
Total de ingresos	2.324.200	1.006.115	286.873	271.028	760.184	557.713

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda. Presupuestos de las entidades locales. Extraído de <http://www.meh.es>.

11

ORZAMENTOS NON CONSOLIDADOS DE INGRESOS DAS ENTIDADES LOCAIS. ANO 2009

Miles de euros

	Concellos					Deputacións
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Operacións correntes						
Impostos directos	638.930	279.291	77.026	74.866	207.747	42.457
Impostos indirectos	119.784	55.479	12.717	9.111	42.477	30.787
Taxas, prezos e outros ingresos	394.810	172.012	50.169	44.754	127.875	34.720
Transferencias correntes	773.079	326.591	102.697	100.609	243.183	378.974
Ingresos patrimoniais	32.371	13.932	5.167	2.897	10.375	18.951
Operacións de capital						
Alleamentos de investimentos reais	67.582	31.166	7.185	7.655	21.577	967
Tranferencias de capital	245.023	138.427	35.569	35.056	35.972	43.139
Activos financeiros	8.211	1.175	4.205	1.056	1.775	3.136
Pasivos financeiros	103.446	50.498	10.650	9.595	32.703	43.110
Total de ingresos	2.383.237	1.068.570	305.385	285.598	723.683	596.241

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda. Presupuestos de las entidades locales. Extraído de <http://www.meh.es> [18 de novembro, 2010].

12

ORZAMENTOS NON CONSOLIDADOS DE GASTOS DAS ENTIDADES LOCAIS. AÑO 2008

Miles de euros

	Concellos					Deputacións
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Operacións correntes						
Gastos de persoal	705.017	295.876	94.155	91.567	223.419	138.964
Compra de bens correntes e servizos	795.704	339.607	95.938	90.648	269.512	98.624
Gastos financeiros	36.323	16.607	4.286	4.679	10.751	13.221
Transferencias correntes	108.677	46.819	10.928	14.116	36.813	58.157
Operacións de capital						
Investimentos reais	512.847	247.289	62.147	58.236	145.175	149.631
Transferencias de capital	51.042	13.127	2.676	3.369	31.871	72.532
Activos financeiros	10.299	1.624	6.184	762	1.729	9.117
Pasivos financeiros	88.564	34.328	8.933	7.130	38.173	17.468
Total de gastos	2.308.474	995.278	285.246	270.507	757.444	557.713

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda. Presupuestos de las entidades locales. Extraído de <http://www.meh.es>.

13

ORZAMENTOS NON CONSOLIDADOS DE GASTOS DAS ENTIDADES LOCAIS. AÑO 2009

Miles de euros

	Concellos					Deputacións
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Operacións correntes						
Gastos de persoal	743.015	310.148	102.043	97.853	232.970	145.580
Compra de bens correntes e servizos	837.122	358.853	102.465	98.617	277.187	93.536
Gastos financeiros	34.101	15.957	4.543	4.010	9.590	11.423
Transferencias correntes	115.792	49.949	12.348	14.873	38.623	62.702
Operacións de capital						
Investimentos reais	512.264	272.106	64.059	57.942	118.157	182.869
Transferencias de capital	29.297	10.849	3.347	3.057	12.043	70.096
Activos financeiros	7.983	1.311	4.224	790	1.658	4.395
Pasivos financeiros	81.266	36.376	9.474	6.943	28.473	25.641
Total de gastos	2.360.840	1.055.550	302.504	284.085	718.701	596.241

Fonte: Ministerio de Economía y Hacienda. Presupuestos de las entidades locales. Extraído de <http://www.meh.es> [18 de novembro, 2010].